



## Concello de Ribeira de Piquín

### BANDO

### **BONO AUTÓNOMOS**

O luns día 03 de febreiro saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre as axudas do Programa do bono das persoas autónomas.

### **BENEFICIARIOS**

Persoas traballadoras autónomas que cumpran os seguintes requisitos:

- Residir e ter domicilio fiscal en Galicia.
- Ter unha antigüidade de máis de 42 meses como autónomo de maneira ininterrompida.
- Ter un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, declarados no ano 2018.

### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

- **Servizos:** investigación de mercado, plan de márketing, plan de comunicación, plan estratéxico do negocio, plan de crecemento, plan de reorientación do negocio, plan de uso de novas tecnoloxías, plan de refinanciamento.
- **Investimentos:** compra de maquinaria, útiles ou ferramentas; reforma do local do negocio, equipos informáticos, rótulos, aplicacións informáticas e páxinas web, creación do logotipo do negocio, mobiliario.

### **CONTÍA**

A contía da subvención será do **80% da actuación subvencionable, cun límite máximo de 3.000 euros.**

### **PRAZO DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 MES**, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, a 07 de febreiro 2020.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

